

CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D · <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte núm.: 2022/E001/000039

ANUNCIO

Convocatoria para a cobertura, mediante persoal laboral fixo, de 1 praza de Profesor/a de Conservatorio, especialidade linguaxe musical, do concello das Pontes de García Rodríguez (OEP-E 2022) estabilización do emprego temporal

O órgano de selección do proceso selectivo para a cobertura, mediante persoal laboral fixo, de 1 praza de profesor/a de conservatorio, especialidade percusión, do concello das Pontes de García Rodríguez (OEP-E 2022), nomeado mediante resolución núm. 2114/2023, do 3 de outubro, do concelleiro-delegado da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos, adoptou na súa sesión do 13/12/2023 e de conformidade coa base 7 das bases xerais reguladoras dos procesos selectivos das prazas de persoal laboral incluídas na OEP-E 2022 (disp adic 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro (BOP A Coruña núm. 231 do 07/10/2022) e da base 6 das bases específicas para a cobertura de 1 praza de profesor/a de conservatorio, especialidade linguaxe musical (BOP da Coruña núm. 241 do 22/12/2022), logo do estudo das alegacións presentadas contra a valoración da fase de concurso, e que se transcribe a continuación para constancia, os seguintes acordos:

“(…)

O anuncio do resultado da valoración provisional estivo exposto dende o 20/10/2023. Durante o prazo de alegacións concedido constan presentadas as seguintes alegacións:

- Alegación de Amalia Guerrero Rocha con data de rexistro de entrada do 26.10.2023 (RE núm. 202399900004032)
- Alegación de Amalia Guerrero Rocha con data de rexistro de entrada do 27.10.2023 (RE núm. 202399900004054 (presenta documentación complementaria para a alegación anterior)

A comisión de valoración procédese ao estudo das alegacións presentadas pola aspirante co fin da súa resolución, acordando, a continuación o seguinte:

No escrito presentado contra a valoración da fase de concurso Amalia Guerrero Rocha alega:

1) *“A aquí recorrente non está conforme ca puntuación que lle foi outorgada na valoración da experiencia profesional (apartado 6.2.1.a.2 das bases específicas), xa que no prazo estipulado para elo aportei a correspondente certificación de servizos prestados na Consellería de Educación como profesora de música na especialidade de Linguaxe Musical, na que constan 54 meses completos (de 30 días naturais conforme á base 7.2.1 das Bases Xerais), polos cales me corresponderían 27 puntos, debendo computarse os días sobrantes de forma proporcional (“As fraccións de tempo inferiores ao mes puntuaranse proporcionalmente”), co que en ningún caso teríamos a puntuación que me foi outorgada por esta comisión (13 puntos), puntuación que é moi inferior á que me correspondería tan so pola miña experiencia como docente na Consellería de Educación e da que se ignora o cálculo feito para chegar á mesma”.*

Para a resolución desta alegación, debe terse en conta o establecido na base 7.2.1.a) das bases xerais reguladoras dos procesos selectivos das prazas incluídas na OEP-E 2022 (disp adic 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro): *“As puntuación referiranse a cada mes completo de servizos prestados, entendendo que un mes equivale a 30 días naturais. As fraccións de tempo inferiores ao*

CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D · <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

mes computaranse proporcionalmente.

As bases específicas determinarán a xornada laboral que se terán en conta para a valoración dos servizos prestados. Cando as puntuacións se refiran a servizos a tempo completo, os servizos prestados a tempo parcial puntuaranse proporcionalmente.

Seguindo o anterior, a base 6.2.1.a.2) das bases específicas para a cobertura dunha paza de profesor/a de conservatorio, especialidade de linguaxe musical establece: “**As puntuacións referiranse a servizos prestados a tempo completo, tomando como referencia unha xornada semanal de 34 horas semanais. Os servizos prestados a tempo parcial puntuaranse proporcionalmente**”.

Consta, certificado de servizos prestados por Amalia Guerrero Rocha da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia na especialidade de Linguaxe musical, servizo interino por toatal de 4 anos, 6 meses e 4 días. No entanto, deben facerse as seguintes apreciacións: existen varios períodos que se identifican como “Vacacións” e segundo o informe de vida laboral que se achega correspóndense con “vacacións retribuídas e non desfrutadas”, polo que se exclúen do cómputo como servizos prestados. Para o resto de períodos o certificado non especifica a porcentaxe de xornada laboral na que foron prestados, pero o dito dato sí se recolle no Informe de vida laboral achegado (CTP%), do que se extrae o seguinte:

- Servizos prestados ao 100% da xornada: 04.05.2016-20.05.2016; 13.12.2016-12.01.2017; 19.09.2018-18.03.2019 (229 días /30= 7,63 meses *0,50= 3,82 puntos)
- Servizos prestados ao 50% da xornada: 27.09.2017-11.06.2018; 20.03.2019-06.06.2019; 01.10.2020-04.06.2021; 20.09.2021-31.08.2022; 15.09.2022-27.01.2023 (548 días/30= 18,27 meses * 0,50= 9,14 puntos).

Obsérvase que na valoración realizada na sesión do 19.10.2023 procedeuse a facer un redondeo á alza das fraccións de tempo inferiores ao mes, en vez de puntuarse os mesmos de xeito proporcional, segundo o establecido nas bases, polo que á vista dos cálculos anteriores, os meses a ter en conta son 25,9 meses e non 26 como se considerou, polo que a puntuación final debe ser 12,96 e non 13 puntos.

Tendo en conta o anterior, os servizos acreditados e prestados ao 50% da xornada computáronse de xeito proporcional e conforme ao que estipulan as bases xerais e específicas. Polo tanto, debe rexeitarse a alegación presentada, por non corresponder 27 puntos polos servizos prestados na Consellería de Educación da Xunta de Galicia conforme ao enriba exposto.

Sen prexuízo do anterior, compróbase que no cálculo dos servizos prestados non se tivo en conta o período do 21.10.2019-31.08.2020 e que sí queda acreditado da documentación achegada, prestado nunha porcentaxe de xornada do 100%, polo que debe subsanarse o dito erro e proceder a sumar o dito período (316 días/30= 10,53 meses * 0,50= 5,27 puntos).

Polo tanto a puntuación final acadada por Amalia Guerrero Rocha no apartado de experiencia profesional por servizos prestados como profesora de linguaxe musical segundo o apartado 6.2.1.a.2) das bases específicas debe ser 18,23 puntos (12,96+5,27).

1) “A maiores da referida experiencia profesional, alegouse por esta parte o tempo traballado na Escola Municipal de Fene, tempo que no se tivo en conta pola Comisión de valoración, xa que considera que foi con “contrato con empresa privada, non como persoal propio da administración

CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D · <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

pública. Segundo a base 6 das bases específicas, en relación coa base 7.2.1a) das bases xerais, non procede a súa valoración.

A base 6.2.1a.2), das Bases Específicas estipula o seguinte: “Por **servizos prestados como profesor/a de na especialidade de linguaxe musical** ou equivalente **en conservatorios de música e/ou escolas de música noutras administracións públicas**: 0,50 puntos por cada mes completo de servizos”. Resulta meridiano que se valoran servizos prestados como profesora na especialidade en cuestión en escolas de música doutras administracións públicas (distintas do Concello das Pontes). En ningures se di que ditos servizos se presten como funcionario ou persoal laboral: tan só que se presten, tal e como fixo esta parte na Escola Municipal de Música do concello de Fene, administración local a tódolos efectos.

A base 7.2.1a) das bases xerais tamén contempla a valoración dos servizos prestados en empresa privada, polo que da interpretación de ambas non se deriva a conclusión á que chega a comisión de valoración.”

Respecto desta alegación debe terse en conta que a base 7.2.1) das bases xerais establece “A fase de concurso consistirá na valoración dos méritos que, entre os indicados a continuación, se establezan en cada unha das convocatorias e bases específicas”.

No seu apartado a) **Experiencia profesional**, establece: **Serán** obxecto de valoración os servizos prestados na administración pública ou en entidades do sector público, como persoal funcionario ou como persoal laboral, no mesmo corpo, escala, categoría ou equivalente á praza convocada.

Poderanse valorar os servizos prestados noutros corpos, escalas, categoría profesional ou equivalente á da praza convocada, así como **os prestados na empresa privada sempre que os mesmos garden relación coas características ou condicións da praza obxecto de convocatoria. No caso dos servizos na empresa privada, serán obxecto de valoración os servizos prestados por conta allea e por conta propia, segundo o que se estableza nas correspondentes bases específicas.**

A base 6.2.1a) das bases específicas para a praza de profesor/a de conservatorio, especialidade de linguaxe musical, refírese, en todo caso, aos servizos prestados na administración pública, xa sexa a entidade convocante (concello das Pontes) como en outras administracións públicas. Polo tanto, nunha interpretación conxunta das ditas cláusulas das bases xerais e específicas, para que os servizos prestados para empresas privadas podan ser valorados debería recollerse expresamente dentro da cláusula adicada á experiencia profesional das bases específicas, mención que no presente caso non ocorre, pois so se menciona os servizos prestados na administración pública, e polo tanto, como persoal propio da dita administración pública (persoal funcionario ou persoal laboral). O certificado que presenta a alegante acredita que os mesmos se prestaron para unha empresa privada e non como persoal propio ao servizo do concello de Fene, independentemente de que o lugar da efectiva prestación do servizo fose na Escola Municipal de Música de Fene (escola dependente da dita administración local).

Á vista do anterior, procede rexeitar a alegación realizada pola aspirante.

2) “Ademais do exposto esta parte impugna de forma expresa e aos efectos da súa alegación e comprobación no proceso xudicial correspondente, a puntuación outorgada á aspirante Graciela María López Varela, a quen lle foron valorados como experiencia profesional períodos traballados na Escola Municipal de Música de Ortigueira. Polo que aquí a reclamante coñece, a docencia impartida na referida Escola foi como profesora de Fagot, especialidade para cuxa cobertura foi

CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D · <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

contratada, carecendo da titulación habilitante para impartir a especialidade de linguaxe musical (para o que tampouco estaría habilitada no caso da praza á que concursamos), conforme ao determinado pola lexislación autonómica e estatal, polo que resulta bastante probable que non puido levar a cabo traballos desta especialidade na referida escola, non debendo valorarse a experiencia profesional na mesma no proceso que nos ocupa.

O mesmo ocorre co aspirante Alejandro Vázquez García, profesor da Escola Municipal de Música de Ortigueira en cuxo contrato pon que imparte harmonía e piano.”.

En primeiro lugar, respecto da impugnación da puntuación da aspirante Graciela María López Varela e Alejandro Vázquez García, a base 7.2.1.a) das bases xerais establece: “**Poderanse valorar os servizos prestados noutros corpos, escalas, categoría profesional ou equivalente á da praza convocada, así como os prestados na empresa privada sempre que os mesmos garden relación coas características ou condicións da praza obxecto de convocatoria.**”.

A base 6.2.1) das bases específicas establece: “**Serán obxecto de valoración postos/prazas nos que se acredite o desenvolvemento de tarefas equivalentes coas da praza convocada, aínda non sendo coincidentes na súa totalidade.** A dita acreditación achegarase, en todo caso, coa documentación que se xunta á solicitude e dentro do prazo de presentación de instancias.”.

Tendo en conta o anterior, Graciela María López Varela achega certificado do concello de Ortigueira no que acredita servizos nas seguintes categorías: “Profesora Música, movemento e coro” e Profesora de Vento Madeira”. Xunta, tamén, informe das materias impartidas na ESMU Ortigueira, acreditando nos períodos traballados na mesma as funcións de: Música e Movemento, Coro e Linguaxe Musical e de Vento-Madeira e Linguaxe Musical.

Pola súa parte, Alejandro Vázquez García, achega certificado do concello de Ortigueira no que acredita servizos nas seguintes categorías: “Profesor de piano”. Xunta, tamén, informe das materias impartidas na ESMU Ortigueira, acreditando nos períodos traballados na mesma as funcións de: Piano, Piano complementario, Harmonía, Análise Musical, Linguaxe Musical e Pianista Acompañante.

Polo tanto, queda acreditado que os dous aspirantes realizaron na Escola Municipal de Musica de Ortigueira tarefas/funcións de impartición da materia de Linguaxe Musical, polo que a valoración fíxose de conformidade co que establecen as bases da convocatoria.

En segundo lugar, polo que respecta á titulación habilitante para impartir a especialidade de linguaxe musical de ambos participantes non é obxecto de valora nesta fase do proceso selectivo nin por esta comisión de valoración, sen prexuízo de que esta alegación se teña presente nun momento posterior, isto é, na achega dos documentos e previa a contratación da persoa aspirante proposta, de ser o caso, Así, tendo en conta o que establece a base novena das bases xerais: “**A non presentación, dentro do prazo fixado, da documentación esixida nesta base e agás os casos de forza maior, ou cando do exame da mesma se deduza que se carece dalgún dos requisitos sinalados na base terceira, impedirá o nomeamento e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que tiveran incorrido por falsidade na súa solicitude de participación**”.

Por todo o indicado, e de acordo coa base novena das bases xerais reguladoras dos procesos selectivos de persoal incluídas na OEP-E 2022 para a estabilización do emprego temporal (disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro) e a base novena das bases específicas para a cobertura dunha praza de profeso/a de conservatorio, especialidade de linguaxe musical, a

CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D · <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

comisión de valoración acorda:

Primeiro.- Desestimar as alegacións presentadas por Amalia Guerrero Rocha en relación coa valoración da fase de concurso respecto da experiencia profesional presentada e acreditada pola dita aspirante, así como pola impugnación da valoración da experiencia profesional na Escola Municipal de Música de Ortigueira dos aspirantes Graciela María López Varela e Alejandro Vázquez García, de conformidade co resolto nos puntos 1), 2) e 3) enriba indicados.

Segundo.- Elevar a definitiva a valoración da fase de concurso do proceso selectivo para a cobertura, mediante persoal laboral fixo, de 1 praza de profesor/a de conservatorio, especialidade de linguaxe musical do concello das Pontes de García Rodríguez (OEP-E 2022) co seguinte resultado:

Aspirante	Experiencia profesional	Formación	Puntuación total
López Varela, Graciela María	30 puntos	20 puntos	50
Vázquez García Alejandro	30 puntos	20 puntos	50
Guerrero Rocha, Amalia	18,23 puntos	20 puntos	38,23
Arán Taibo, Elba	0 puntos	20 puntos	20

Terceiro.- Proceder a **dirimir o empate** entre os dous aspirante con igual puntuación, segundo a orde establecida na base oitava das bases específicas do proceso selectivo, no que resulta, conforme á base 6.2.1a) que Graciela María López Varela acredita servizos prestados no conservatorio de música do concello das Pontes como profesora de linguaxe musical, mentres que o aspirante Alejandro Vázquez García non acredita servizos prestados no concello das Pontes, **resolvéndose o empate a favor da aspirante Graciela María López Varela**, polo que a orde final dos aspirantes do presente proceso selectivo queda da seguinte maneira:

Aspirante	Experiencia profesional	Formación	Puntuación total
López Varela, Graciela María	30 puntos	20 puntos	50
Vázquez García Alejandro	30 puntos	20 puntos	50
Guerrero Rocha, Amalia	18,23 puntos	20 puntos	38,23
Arán Taibo, Elba	0 puntos	20 puntos	20

Cuarto.- Declarar que **Graciela María López Varela**, con DNI ***6125** **superou o proceso selectivo** convocado para a cobertura, mediante persoal laboral fixo, de 1 praza de **profesor/a de conservatorio, especialidade linguaxe musical**.

Quinto.- **Propoñer** á Concellería-delegada da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos a **contratación de Graciela María López Varela**, na categoría de **profesor/a de conservatorio, especialidade linguaxe musical**, do cadro de persoal laboral fixo do concello das Pontes de García Rodríguez.

Sexto.- De conformidade co establecido na base novena das bases xerais, establécese a seguinte relación complementaria por orde decrecente de puntuación, coas persoas aspirantes finalistas do proceso, pero que non foron incluídas na proposta de contratación, coa finalidade de poderen ser

CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D · <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

nomeadas en caso de renuncia antes da contratación ou imposibilidade de incorporación da persoa inicialmente proposta, de acordo co provisto no artigo 68.1 do TRLEBEP:

Aspirante	Experiencia profesional	Formación	Puntuación total
Vázquez García Alejandro	30 puntos	20 puntos	50
Guerrero Rocha, Amalia	18,23 puntos	20 puntos	38,23
Arán Taibo, Elba	0 puntos	20 puntos	20

Sétimo.- En virtude da base décima das bases xerais reguladoras dos procesos selectivos das prazas de persoal laboral incluídas na OEP-E (disp adic 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), **publicar** un anuncio co resultado do actuado na presente sesión no taboleiro de anuncios electrónico do concello das Pontes, así coma na páxina web municipal.

Oitavo.- A persoa aspirante proposta deberá **presentar na sede electrónica do concello** das Pontes de García Rodríguez, **no prazo máximo de 20 días hábiles**, contados a partir da publicación do resultado do proceso selectivo no taboleiro de anuncios electrónico do concello, **a seguinte documentación:**

- Certificado/Informe médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza á que se aspira expedido por facultativo/a competente.
- Declaración responsable de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- Declaración xurada de non atoparse incurso/a en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente (artigo 13 do Real decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades) e referido ao momento da sinatura do contrato.
- Cartilla da Seguridade Social (no caso de estar de alta) ou declaración de non estar de alta.
- Acreditación documental da conta bancaria na que se farían os seus ingresos nominais

A non presentación, dentro do prazo fixado, da documentación esixida e agás os casos de forma maior, ou cando do exame da mesma se deduza que se carece dalgún dos requisitos sinalados na base terceira, impedirá o nomeamento e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que tivera incorrido por falsidade na súa solicitude de participación.

(...)”.

Contra os actos do órgano de selección, poderán interpoñerse os recursos que procedan segundo o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Documento asinado pola secretaria do órgano de selección, María Roca Vázquez, na data da sinatura dixital.